

12.1 Introducción

Neste apartado, no que se examinan os expedientes de regulación de emprego tramitados e as e os traballadores afectados polos mesmos, téñense en conta, fundamentalmente, no referido a Galicia, os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar, competente nesta materia; completados con aqueles nos que, a súa competencia, se reserva á Administración Central, segundo os datos publicados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se acada un acordo entre a empresa e os representantes legais das persoas traballadoras. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Con anterioridade ao 13 de febreiro de 2012, inclúense as extincións colectivas contempladas no artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, resoltas conforme ao procedemento de regulación de emprego establecido nas normas de desenrolo regulamentario que necesitaban autorización administrativa. A partir do 13 de

febreiro de 2012, hai que ter en conta as modificacións que se introducen no Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, no referido á supresión do requisito de autorización administrativa, manténdose a existencia dun período de consultas.

Inclúese tamén neste capítulo o Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) por estar intimamente relacionado coa regulación de emprego.

12.2 Regulación de emprego

No primeiro cadro ofrécese, con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, unha vision xeral dos traballadores afectados en Galicia polos efectos dos expedientes de regulación de emprego baseándose na información subministrada pola Dirección Xeral de Traballo, a Comunidade Autónoma ou o Area de Traballo dependendo da autoridade laboral á que compete a súa resolución. Examinando as cifras pode verse que os traballadores/as da provincia de Pontevedra son os máis afectados/as polos expedientes e, no que se refire concretamente aos de extinción, (cadro 12.2), a provincia de Pontevedra, é tamén a que maior número de traballadores/as afectados reflicte, aínda que A Coruña ten unha cifra similar.

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados, por provincia. Galicia 2012

■ Cadro 12.1

A Coruña	9.658
Lugo	1.891
Ourense	2.616
Pontevedra	15.947
Galicia	30.112

Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Traballadores afectados por medidas de extinción, por provincia. Galicia 2012

■ Cadro 12.2

A Coruña	1.524
Lugo	222
Ourense	179
Pontevedra	1.575
Galicia	3.500

Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No que se refire concretamente aos tramitados pola Comunidade Autónoma, no cadro 12.3, a provincia de Pontevedra, en xeral, é a que maior número de expedientes e traballadores/as afectados reflicte. Obsérvase que os expedientes pactados son claramente superiores aos que non teñen acordo.

■ **Cadro 12.3** **Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial. Ano 2012**

ÁMBITO	Expedientes autorizados						Totais	
	Pactados		Non Pactados		Sen período de consultas*			
	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes autorizados	Trab. Afectados
A Coruña	660	6.822	29	554	11	67	700	7.443
Lugo	180	1.443	4	21	4	15	188	1.479
Ourense	124	2.213	9	109	4	38	137	2.360
Pontevedra	1.159	13.350	46	1.374	56	535	1.261	15.259
Autonómicos	42	2.190	4	85	0	0	46	2.275
Totais	2.165	26.018	92	2.143	75	655	2.332	28.816

* Sen período de consultas: aqueles procedementos que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Na análise dos expedientes pola medida autorizada (cadro 12.4), pode verse a afectación maioritaria dos expedientes de medida de suspensión.

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ **Cadro 12.4**

ÁMBITO	Expedientes			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	49	262	389	700
Lugo	5	67	116	188
Ourense	5	60	72	137
Pontevedra	58	718	485	1.261
Autonómicos	11	15	20	46
Totais	128	1.122	1.082	2.332

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Nos seguintes cadros se analizan os expedientes pola medida segundo sexan pactados, non pactados ou sen período de consultas

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ Cadro 12.5

ÁMBITO	Expedientes pactados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	38	241	381	660
Lugo	4	61	115	180
Ourense	4	53	67	124
Pontevedra	43	642	474	1.159
Autonómicos	9	13	20	42
Totais	98	1.010	1.057	2.165

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ Cadro 12.6

ÁMBITO	Expedientes non pactados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	11	10	8	29
Lugo	1	2	1	4
Ourense	1	3	5	9
Pontevedra	11	24	11	46
Autonómicos	2	2	0	4
Totais	26	41	25	92

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ Cadro 12.7

ÁMBITO	Expedientes sen período de consultas			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	0	11	0	11
Lugo	0	4	0	4
Ourense	0	4	0	4
Pontevedra	4	52	0	56
Autonómicos	0	0	0	0
Totais	4	71	0	75

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

No cadro 12.8 pódese ver que o sector servizos é o que maior número de expedientes rexistra

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, por sector de actividade e ámbito territorial. Ano 2012

■ Cadro 12.8

ÁMBITO	Sector de actividade					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	Totais
A Coruña	2	19	198	123	358	700
Lugo	0	6	55	30	97	188
Ourense	1	0	49	17	70	137
Pontevedra	3	79	426	200	553	1.261
Autonómicos	0	0	6	5	35	46
Totais	6	104	734	375	1.113	2.332

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Polo que se refire aos traballadores afectados, destaca o número da provincia de Pontevedra e dos incursos en expedientes de suspensión, claramente maior nos pactados, véndose que o sector da industria é o que máis traballadores afectados reflicte.

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ Cadro 12.9

ÁMBITO	Persoas traballadoras afectadas			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	948	4.198	2.297	7.443
Lugo	137	609	733	1.479
Ourense	97	1.882	381	2.360
Pontevedra	1.094	11.840	2.325	15.259
Autonómicos	281	1.435	559	2.275
Totais	2.557	19.964	6.295	28.816

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ Cadro 12.10

ÁMBITO	Medida			Persoas traballadoras afectadas
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	646	3.955	2.221	6.822
Lugo	129	583	731	1.443
Ourense	89	1.752	372	2.213
Pontevedra	803	10.279	2.268	13.350
Autonómicos	232	1.401	557	2.190
Totais	1.899	17.970	6.149	26.018

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ Cadro 12.11

ÁMBITO	Medida			Persoas traballadoras afectadas
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	302	176	76	554
Lugo	8	11	2	21
Ourense	8	92	9	109
Pontevedra	258	1.061	55	1.374
Autonómicos	49	34	2	85
Totais	625	1.374	144	2.143

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2012

■ Cadro 12.12

ÁMBITO	Medida			Persoas traballadoras afectadas
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	0	67	0	67
Lugo	0	15	0	15
Ourense	0	38	0	38
Pontevedra	33	500	2	535
Autonómicos	0	0	0	0
Totais	33	620	2	655

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e o sexo. Ano 2012

■ Cadro 12.13

ÁMBITO	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	5.501	1.942	7.443
Lugo	1.154	325	1.479
Ourense	1.837	523	2.360
Pontevedra	11.450	3.809	15.259
Autonómicos	1.816	459	2.275
Totais	21.758	7.058	28.816

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas pola medida de extinción, segundo o ámbito territorial e o sexo. Ano 2012

■ Cadro 12.14

ÁMBITO	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	781	167	948
Lugo	122	15	137
Ourense	43	54	97
Pontevedra	866	228	1.094
Autonómicos	150	131	281
Totais	1.962	595	2.557

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas pola medida de suspensión, segundo o ámbito territorial e o sexo. Ano 2012

■ Cadro 12.15

ÁMBITO	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	3.250	948	4.198
Lugo	484	125	609
Ourense	1.530	352	1.882
Pontevedra	9.130	2.710	11.840
Autonómicos	1.327	108	1.435
Totais	15.721	4.243	19.964

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas pola medida de redución de xornada, segundo o ámbito territorial e o sexo. Ano 2012

■ Cadro 12.16

ÁMBITO	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	1.470	827	2.297
Lugo	548	185	733
Ourense	264	117	381
Pontevedra	1.454	871	2.325
Autonómicos	339	220	559
Totais	4.075	2.220	6.295

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, por sector de actividade e ámbito territorial. Ano 2012

■ Cadro 12.17

ÁMBITO	Sector de actividade					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	Totais
A Coruña	15	137	3.348	1.153	2.790	7.443
Lugo	0	31	817	233	398	1.479
Ourense	4	0	1.758	198	400	2.360
Pontevedra	10	549	9.512	1.759	3.429	15.259
Autonómicos	0	0	1.152	117	1.006	2.275
Totais	29	717	16.587	3.460	8.023	28.816

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

12.3 Evolución experimentada

Una observación simple dos últimos anos (cadro 12.18), permite apreciar que, despois do importante incremento no ano 2009 que case triplicou as cifras e case se multiplicou por catro o número de traballadores afectados en relación co ano anterior, experimenta un lixeiro descenso no ano 2010 para volver a aumentar significativamente no ano 2011 en todos os parámetros e manter esta tendencia crecente no ano 2012.

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial (evolución 2008-2012)

■ Cadro 12.18

	Expedientes					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autonómicos	Totais
2008	158	24	21	220	3	426
2009	438	91	49	668	6	1.252
2010	367	80	50	510	7	1.014
2011	472	148	63	734	19	1.436
2012	700	188	137	1.261	46	2.332

	Persoas traballadoras afectadas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autonómicos	Totais
2008	1.755	220	278	3.945	69	6.267
2009	6.444	1.101	1.321	14.633	650	24.149
2010	4.657	857	634	7.565	323	14.036
2011	5.661	1.560	1.070	11.271	1.165	20.727
2012	7.443	1.479	2.360	15.259	2.275	28.816

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Cos datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, pódese observar o mesmo feito posto de manifesto no parágrafo anterior; resaltando a diferenza que se aprecia nos catro últimos anos en relación con todos os anos anteriores, circunstancia que é máis grave se se examina coa limitación que, na variación normativa, supuxo a restrición na canalización das extincións pola vía dos expedientes de regulación de emprego para estas causas concretas.

Evolución dos expedientes de regulación de emprego autorizados e traballadores/as afectados/as. Galicia. 2001-2012

■ Cadro 12.19

	Nº expedientes	Traballadores/as afectados/as
2001	608	6.599
2002	407	3.533
2003	301	2.349
2004	288	2.045
2005	384	4.809
2006	324	3.062
2007	399	3.155
2008	478	6.801
2009	1.364	24.436
2010	1.076	13.186
2011	1.669	22.829
2012	2.617	30.112

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

12.4 Fondo de garantía salarial

A definición legal vén establecida no artigo 33.1 do Estatuto dos Traballadores e no artigo 1 do Real Decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre Organización e Funcionamento do Fondo de Garantía Salarial, que o configuran, respectivamente, como: “Organismo autónomo de carácter administrativo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins establecidos no art. 33 do estatuto dos traballadores”.

En canto Organismo Autónomo goza de:

- Autonomía de xestión.
- Patrimonio e tesouraría propia.
- Personalidade xurídica pública e diferenciada, sen que iso supoña a quebra do principio da personalidade xurídica ÚNICA da Administración Xeral do Estado. Personalidade diferenciada, pero non independente.
- Sometemento ao principio de legalidade (art. 103.1 da Constitución Española) e ao Dereito Administrativo.
- Ámbito de actuación xeográfica sobre todo o territorio nacional.

En canto aos seus **fin**s e a **súa actuación**, están determinados no artigo 33 da Lei do Estatuto dos Traballadores, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social, e no Real Decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial. Enmárcase dentro da Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A **súa FINALIDADE BÁSICA**, para a que foi creado mediante o artigo 31 da Lei 16/1976, do 8 de abril, de Relacións Laborais, é a de Institución de GARANTÍA dos créditos salariais ante a insolvencia do empregador. Hoxe ten atribuído o aboamento aos/as traballadores/as dos salarios e indemnizacións que as empresas para as que traballan non puideron satisfacer por encontrarse en situación legal insolvencia ou por ser declaradas en situación de concurso. Aboadas as prestacións o Fondo de Garantía Salarial subrogarase obrigatoriamente nos dereitos e accións dos/as traballadores/as para proceder en reclamación e repetición fronte aos/as empregadores/as que os/as deben.

Entre as súas FINALIDADES COMPLEMENTARIAS destaca o apoio ou protección ás empresas en situación de crise, dado que fomenta o mantemento do emprego e a continuidade empresarial, mediante o aboamento de certas prestacións sen obriga de restitución ("a fondo perdido"), o pagamento de prestacións sen necesidade de declaración de insolvencia empresarial (a chamada "insolvencia técnica" ou en casos de forza maior), e a posible subscripción convenios de devolución aprazada ou fraccionada das cantidades fertilizadas polo Organismo.

■ Persoas Beneficiarias

Aqueles/as **traballadores/as por conta allea** sexan titulares de créditos por salarios e indemnizacións na forma legalmente establecida incluídos/as dentro dos seguintes apartados:

- a) Traballadores/as por conta allea vinculados/as por relación laboral ordinaria.
- b) Deportistas profesionais vinculados/as a estes en virtude de relación laboral de carácter especial.
- c) Traballadores/as cuxa actividade sexa a de intervención en operacións mercantís sen asumir o risco e a ventura daquelas.
- d) Traballadores/as vinculados/as por calquera das relacións laborais de carácter especial a que se refire o artigo do Estatuto dos Traballadores, distintas das mencionadas nos anteriores.

As empresas, cando se trate do resarcimento dunha parte da indemnización aboada aos traballadores en caso de despedimentos obxectivos ou extinción colectiva do contrato de traballo anteriores ao 15-7-12.

■ Colectivos excluídos da acción protectora do FOGASA

- Traballadores/as ao servizo do fogar familiar.
- Socios/as traballadores/as das cooperativas de traballo asociado e das cooperativas de explotación comunitaria da terra.

12.4.1 O fondo de garantía salarial. As reformas do 2012

Como era coñecido por todos, o FOGASA, ata a entrada en vigor do RDL 20/2012, cubría os importes dos salarios non aboados polas empresas declaradas en concurso de acredores ou insolventes con dous límites. Un, o traballador en concepto de salarios podía chegar a percibir 150 días (5 meses) incluíndo as pagas extraordinarias. Dous, a indemnización que cubría era aquela que non excedese do triplo do Salario Mínimo Interprofesional, en diante SMI. O artigo 1 do RD 1888/2011, do 30 de Decembro, polo que se **fixaba o salario mínimo interprofesional para 2012 determinaba**: “O salario mínimo para calquera actividades na agricultura, na industria e nos servizos, sen distinción de sexo nin idade dos traballadores, queda fixado en 21,38 euros/día ou 641,40 euros/mes, segundo que o salario estea fixado por días ou por meses.

No salario mínimo compútase unicamente a retribución en diñeiro, sen que o salario en especie poida, en ningún caso, dar lugar á minoración da contía íntegra en diñeiro daquel.

Este salario enténdese referido á xornada legal de traballo en cada actividade, sen incluír no caso do salario diario a parte proporcional dos domingos e festivos. Se se realizase xornada inferior percibirase a pro rata.

É dicir, que anterior á entrada en vigor do RD 20/2012 o SMI para calquera actividade quedaba determinado en 21,38 €/día ou 641,40 €/mes, segundo se o salario estivese fixado por días ou meses. Ao incluír a parte proporcional das pagas extras, o importe mensual do SMI era de 748,30 €/mes, ou ben 24,94 €/día.

En definitiva, con estes dous topes, o FOGASA o que viña a aboar era no mellor dos casos 11.224,50 € en total.

■ Cambios que se introducen no artigo 19 do RDL/2012

Co novo RDL, a rebaixa no recoñecemento de prestacións afecta tanto ao número de días que son obxecto de cobertura polo FOGASA, como o importe do salario diario que se toma en consideración para efectuar o cálculo.

Así, o artigo 33.1 do Estatuto dos Traballadores pasa a ter a seguinte redacción:

1.- O apartado 1 queda redactado nos seguintes termos: O Fondo de Garantía Salarial, Organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, aboará aos traballadores o importe dos salarios pendentes de pagamento a causa de insolvencia ou concurso do empresario.

Para os anteriores efectos, considerarase salario a cantidade recoñecida como tal en acto de conciliación ou en resolución xudicial por todos os conceptos a que se refire o artigo 26.1, así como os salarios de tramitación nos supostos en que legalmente procedan, sen que poida aboar o Fondo, por un ou outro concepto, conxunta ou, separadamente un importe superior á cantidade resultante de multiplicar o dobre do salario mínimo interprofesional diario, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, polo número de días de salario pendente de pagamento, cun máximo de cento vinte días.”.

Este apartado primeiro, o que fai é **reducir o tope da base de cálculo do salario diario por día pendente de pagamento, pasando a ser o dobre do salario mínimo**

interprofesional diario incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias. Para efectos prácticos, se antes partiamos para o cálculo da cantidade de 74,83 €/día, agora habemos de calcular cunha redución do 33,33% menos, é dicir, 49,88 €/día. En canto ao tope máximo de días de salario pendentes de **pagamento, pásase dos 150 días anteriormente garantidos polo FOGASA a un máximo de 120 días**, que veñen a ser 4 mensualidades, tendo en conta que o importe resultante inclúe a parte proporcional das pagas extraordinarias que corresponde a cada mensuralidade.

2.- Modifícase o apartado dous do artigo 33 do ET, para os supostos de indemnizacións por despedimento ou extinción de contrato en caso de insolvencia empresarial. A nova redacción é a que segue: “O Fondo de Garantía Salarial, nos casos do apartado anterior, aboará indemnizacións recoñecidas como consecuencia de sentenxa, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa a favor dos traballadores a causa de despedimento ou extinción dos contratos conforme aos artigos 50, 51 e 52 desta Lei, e de extinción de contratos conforme ao artigo 64 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, así como as indemnizacións por extinción de contratos temporais ou de duración determinada nos casos que legalmente procedan. En todos os casos co límite máximo dunha anualidade, sen que o salario diario, base do cálculo, poida exceder do dobre do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.

O importe da indemnización, para só os efectos de aboamento polo Fondo de Garantía Salarial para os casos de despedimento ou extinción dos contratos conforme ao artigo 50 desta Lei, calcularase sobre a base de trinta días por ano de servizo, co límite fixado no parágrafo anterior.”

3.- As indemnizacións en caso de empresas declaradas en concurso, tamén ven modificadas o límite de cobertura, pasa a ser o dobre do SMI. Polo tanto, a regra segunda do artigo 33.3 pasa a ter a seguinte redacción: As indemnizacións a aboar a cargo do FOGASA, con independencia do que se poida pactar no proceso concursal, calcularanse sobre a base de vinte días por ano de servizo, co límite máximo dunha anualidade, sen que o salario diario, base do cálculo, poida exceder do dobre do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Non podemos descoidar que **en caso de despedimentos colectivos e obxectivos en empresas de menos de 25 traballadores**, o FOGASA ten nestes casos a responsabilidade directa e debe aboar aos traballadores o importe de 8 días de salario, salvo que o despedimento se declare improcedente. Nestes casos non se require a declaración de insolvencia da empresa e os topes das indemnizacións calcularanse de acordo aos criterios ut supra expostos.

Así pois introdúcese cambios normativos importantes que poñen en dúbida a función garantizadora do FOGASA respecto ao cobramento de indemnizacións e salario por despedimentos, extincións ou concursos de acredores pero coa desaparición dos salarios de tramitación na maior parte dos casos segundo a Lei 3/2012 e os recortes do RDL 20/2012, a conclusión é só unha, os traballadores ven cada vez máis recortados os seus dereitos de garantía ante a insolvencia empresarial, polo que é máis que posible que se faga cada vez máis intensa a execución dos activos empresariais á vista da retracción do FOGASA, e que mesmo se chegue a explorar os camiños da responsabilidade dos administradores sociais na xestión das empresas insolventes, e unha vez os traballadores se interesen por comparecer na

peza sexta dos concursos en busca da responsabilidade da administración concursada.

■ **Galicia no ano 2012 ofrece os seguintes datos:**

- Tramitáronse 9.614 expedientes de pagamento afectando a 5.052 empresas.
- Abonándose prestacións ata un total de 15.222 traballadores. (10.539 homes e 4.650 mulleres.
- O importe total aboadado ascende no devandito período a 82.025.445,80.€
- Dos devanditos importes corresponden a Salarios 25.170.496,36.
- Dos devanditos importes corresponden a Indemnizacións 56.854.949,44 € e a Salarios 25.170.496,36.
- De tales importes salariais e indemnizatorios aboáronse a homes 61.268.487,29 € e a mulleres 20.536.155,00 €
- Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

